



MIGUEL ANGEL DELGADO GONZÁLEZ  
Rúa Juan Castro Mosquera, 28,2 d)  
15005 A Coruña

**Asunto:** *Solicitud de acceso a información pública*  
**Interesado/a:** *Miguel Angel Delgado González*  
**Procedemento:** *TR\_2/2019*  
*Nº RSCTG 114/2019*

O 7 de novembro de 2019 tivo entrada na Secretaría Xeral de Medios a Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia de data 30 de outubro de 2019 (nº RSCTG 114/2019) na que se acorda estimar a reclamación presentada por Miguel Ángel Delgado González, con DNI núm. 32413124Y.

En concreto, o apartado segundo da dita resolución establece que se acorda “*instar á Secretaría Xeral de Medios, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, se responda á petición de información solicitada referida ao Consello Asesor para as Telecomunicacións e Desenvolvemento Dixital de Galicia, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso*”.

Neste senso, infórmase a Miguel Angel Delgado González que o Consello Asesor para as Telecomunicacións e o Desenvolvemento Dixital de Galicia está regulado no artigo 29 da Lei 3/2013, do 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia.

Así mesmo, de conformidade coa Disposición Adicional cuarta da Lei 3/2013, de 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia, a posta en funcionamento do Consello Asesor para as Telecomunicacións e o Desenvolvemento Dixital de Galicia comportará a supresión do actual Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual de Galicia.





XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral de Medios

Edificio administrativo de San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
Telf.: 981 545922  
www.xunta.gal

galicia

Polo tanto, infórmase ao interesado que, a día de hoxe, o Consello Asesor para as Telecomunicacións e o Desenvolvemento Dixital de Galicia aínda non foi posto en funcionamento e en consecuencia, non hai nada que informar sobre esta entidade.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica que figura á marxe

A secretaria xeral de Medios

*(por substitución, segundo Acordo do 5 de novembro de 2018, do Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia e Administracións Públicas)*

O subdirector xeral de Réxime Xurídico

Enrique González Murga



Xacobeo 2021

